


A Granxa Agrícola de Monelos (1888-1964)



L. Hernández Robredo | Director da Granxa Agrícola de 1904 a 1928

Créditos

Textos e selección de fotografías de Xosé A. Fraga Vázquez, en base á exposición *A Granxa Agrícola Experimental de Galicia (1888-1964)*, 2011, de Lourenzo Fernández Prieto e Xosé A. Fraga Vázquez

DESEÑO
Xosé Díaz

MONTAXE
JEGA


FOTOGRAFÍAS
Arquivo Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo

Agradecementos

Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo

Pepe Temprano

Os inicios, a Granxa como resposta á crise



Plano da Granxa Agrícola (1891)



Emblema da Real Academia de Agricultura, creada na Coruña en 1765



O naturalista Víctor López Seoane (1832-1900) foi un dos impulsores da Granxa

A chamada *Granja-Escuela Experimental* fundouse en 1888, resultado dunha iniciativa da Deputación provincial coruñesa.

Foi o primeiro centro de experimentación e difusión de novas técnicas agrícolas creado polo Estado para Galicia e Asturias. Entrou en funcionamento en 1897 coa chegada de Marceliano Álvarez á dirección.

Actuou como un foco de ciencia básica e aplicada, un centro de dinamización social e sensibilización ambiental e un foco de divulgación científica.

A súa creación foi unha resposta á crise agropecuaria de finais do século XIX. Tempo no que aos andazos da viña e do castiñeiro sumouse o efecto desfavorable do mercado internacional de produtos agrarios. Todo iso incidía nunhas explotacións pouco rendibles, con escasa mecanización e o problema dos foros, provocando emigración e a aparición do movemento agrarista.



Vistas de dous edificios da Granxa Agrícola



Vella fotografía do río Monelos





Venda de produtos agrarios na praza de María Pita (A Coruña)



Exposición de produtos agrícolas na Granxa



Nenos con animais na Granxa



Venda de animais na cidade

Localizouse en terreos do Concello de Oza, concretamente en Monelos. Zona que hoxe corresponde á principal entrada da cidade, arredor da Avenida de Alfonso Molina.

A cidade herculina era a principal urbe de Galicia naquel tempo, cunha gran puxanza económica e social.

A ciencia na cidade aparecía no terreo educativo (Instituto de Secundaria, Escola de Náutica) e na Academia de Medicina de Galicia-Asturias. Tamén na “Sociedad de Oceanografía del Golfo de Gascuña. Real Sub-Comité de la Coruña”. Asemade, existían dous centros de vacinación animal, o Instituto de Ramón Pérez Costales e o “Centro Jenner”, de José Rodríguez Martínez.

A Coruña, que fora sede da Academia de Agricultura de Galicia (1765-1774), albergaba a cámara agrícola e a inspección provincial de Hixiene agraria. Na cidade editábase a revista *Prácticas Modernas*.



Exposición de Avicultura na Granxa



3

Os logros da Granxa (1). Incorporación da ciencia á producción, impulso ao I+D+i



Demostracións de maquinaria agrícola na Granxa



L. Hernández Robredo, director da Granxa Agrícola de 1904 a 1928, na presentación de maquinaria nova

Desde o século XVIII a Agronomía convertérase nunha ciencia, no primeiro cuarto do século XIX, Inglaterra e Francia regulamentaron o ensino práctico da agricultura.

A aplicación da Ciencia ao agro, xunto coa introdución da maquinaria producida polo sector industrial e os adubos comerciais minerais e químicos favorecían o aumento do rendemento e da produtividade.

A Granxa actuou como lugar de experimentación de cultivos, de promoción da mecanización e de melloras na produción. A utilización de nova maquinaria nas instalacións de Monelos tamén serviu de exemplo para os labregos.



Exemplos de aumentos dos rendementos

Probando nova maquinaria





Feiras e concursos de gando

A finais do século XIX existía un consenso bastante estendido entre os técnicos sobre a necesidade recuperar a raza de vacún propia, coa súa tripla aptitude (para carne, leite e traballo).

Uns eran partidarios do cruce de exemplares autóctonos con outros de razas estranxeiras (“mellora por cruzamento”); outros especialistas optaban por escoller os exemplares do país que encaixaban coa morfoloxía e condicións requiridas e favorecer o seu cruzamento (“mellora por selección en pureza”).

Os técnicos da Granxa agrícola de Monelos apostaron pola “mellora por cruzamento”

Por outra banda, Juan Rof Codina (inspector de Hixiene pecuaria desde 1910 na Coruña), que era partidario da selección en pureza, estableceu unha intensa e frutífera relación de traballo cos responsables da Granxa. Coincidían en que os concursos de gando serían unha ferramenta moi útil para impulsar o cambio da cabana de vacún.

O labor deu os seus froitos nas décadas seguintes, permitindo a recuperación da cabana galega e a creación da raza rubia.



Os logros da Granxa (3). Un novo millo, o lúpulo, a Estación de Fitopatoloxía



Plantación de lúpulo



Probas con castiñeiros resistentes a pragas



Coidado das árbores

Laboratorio da Estación de Fitopatoloxía

O labor do persoal da Granxa fixo que se avanzara no coñecemento dalgúns cereais, coa creación, por exemplo, do millo híbrido “Coruña”.

O cultivo do lúpulo nas Mariñas constituíu un símbolo do éxito da Granxa no fomento dunha agricultura intensiva e industrial. Tras unha viaxe de traballo de Hernández Robredo a Inglaterra en 1913, o director da Granxa decidiu promover a implantación deste cultivo.

Coa axuda da familia Rivera e de agricultores betanceiros, o lúpulo galego gañou un lugar de preeminencia, facendo abandonar as importacións.


Desde mediados do XIX “oído”, o mildew e a tinta do castaño danaban seriamente a Europa occidental. A Estación de Fitopatoloxía Agrícola créase en 1928 anexa á Granxa para facer fronte a este desafío. Ademais da atención ás froiteiras e cultivos de horta as pescudas fitopatolóxicas avanzaron para mellorar a resistencia de cultivos senlleiros: a hibridación do castiñeiro faino resistente á tinta; a loita contra o escaravello do Colorado nas patacas, o encamado do trigo, etc.



Pedro Urquijo Landaluce



Juan Rodríguez Sardiña



Os logros da Granxa (4). Sensibilización ambiental, educación e divulgación

A Granxa colaborou en iniciativas de sensibilización ambiental. Unha delas foi a “Festa da árbore”.

No eido educativo, desde o curso 1920-21 funcionou unha Escola de Péritos Agrícolas que pechou en 1924 e foi substituída por unha Escola de Capataces Agrícolas.

Un elemento clave do éxito da Granxa foi

a aposta polo diálogo cos labregos e o convencemento pola práctica. Foron múltiples as iniciativas e estratexias utilizadas: publicación do *Boletín*, consultas escritas ou orais, a cátedra ambulante, charlas divulgativas, premios, etc. Tamén resultaron moi eficaces os “campos de

demostracións”, espallados por toda Galicia.

O golpe de Estado de 1936 e a represión posterior condicionaron intensamente o funcionamento e sobre todo a evolución da Granxa.

A Granxa trasladouse en 1964 a Guísamo. En 1967, ante a insuficiencia das instalacións, constrúese o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo.



Entrega de premios nun concurso de gando



Explicacións aos labregos



Curso de divulgación



Curso de poda



Actividade de fomento das árbores



Curso de coidado das árbores

Cátedra ambulante da Granxa

